Segundo.- Aproba-la Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización de instalacións deportivas municipais.

Terceiro.- Que de conformidade co artigo 17 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, se expoña ó público polo prazo de trinta días, para que durante este prazo os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións e suxestións que estimen oportunas. Deberán publicarse anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello.

Cuarto.- Que no suposto de que non se presentasen reclamacións ou suxestións contra este, se considerará definitivamente aprobado o acordo de imposición e ordenación da citada taxa e cumprirse o trámite da publicación do texto íntegro da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co disposto no artigo 17.3 e 4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Quinto.- A referida ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no BOP e transcorrido o prazo ó que se refire o arti-



go 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno Local."

Amoeiro, 17 de agosto de 2009.

Ordenanza reguladora da taxa pola utilización de instalacións deportivas municipais

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

Ó abeiro das facultades que conceden os artigos 133.2 e 142 da Constitución española e os artigos 4 e 106 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade, así mesmo, co disposto nos artigos 15 ó 19, da Lei reguladora das facendas locais (texto refundido aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo), este Concello dótase desta ordenanza municipal, co fin de regular eficaz e eficientemente a utilización das instalacións deportivas municipais.

Artigo 2º.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible deste tributo:

- a) O uso das piscinas municipais.
- b) O uso do campo de fútbol "Penafita" de Amoeiro.
- c) O uso do polideportivo do Concello.

Así como a prestación dos servizos dos que están dotadas as instalacións citadas.

Está excluído do feito imponible, conforme ó artigo 21 da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das facendas locais a utilización das citadas instalacións para uso escolar, dentro dos niveis de ensinanza obrigatoria, e especialmente polo Colexio Público de Amoeiro.

Artigo 3º.- Funcionamento e regulamento da escola deportiva de fútbol

a) A escola deportiva de fútbol do concello de Amoeiro estará destinada para os nenos e as nenas dende os 4 ata os 14 anos.

b) A periodicidade anual da escola abrangue dende outubro ata xuño, excluindo os períodos de vacacións de Nadal e Semana Santa.

c) A inscrición na escola formalizarase no boletín desta no que constan os datos persoais do alumno, o permiso do pai/nai/titor/a coa sinatura deste/a.

d) Os alumnos deberán contar cun equipamento deportivo que conste de chaqueta e pantalón de chándal e mais unha camiseta, pantalón curto e medias segundo o deseño que estableza o Concello. Non se admitirán os alumnos que non conten co dito equipamento ou con outro diferente do establecido polo Concello.

e) Os adestramentos levaranse a cabo no pavillón polideportivo municipal do concello, podéndose utilizar se así se requirise o campo municipal da Penafita e a pista polideportiva municipal do complexo Costa de Monte.

f) Os días e horarios dos adestramentos serán os venres, de seis a sete da tarde para os nenos/as de 4 a 9 anos e de sete a oito da tarde para os de 10 a 14. Tamén se poderán facer adestramentos, cando así se acorde, outro día que se convirá cos mesmos grupos e os mesmos horarios. (Os días e horarios poderán estar suxeitos a cambios se así se acordase).

g) Fomentarase a participación en torneos con outras escolas ou entidades deportivas, así como xornadas de competición en datas sinaladas (magosto, Nadal, Semana Santa, fin de escola...etc.)

Artigo 4º.- Acceso

1. As instalacións deportivas municipais son de acceso libre para tódolos cidadáns, sen ningunha outra limitación que o

pagamento da taxa correspondente para o seu uso, de acordo coas tarifas establecidas no anexo nesta ordenanza.

2. Malia o disposto no apartado anterior, os responsables e o persoal do servizo das instalacións, terán a facultade de, como medida provisional, negarlle o acceso ou expulsar a aquelas persoas que incumpran de forma reiterada algunha das normas contidas nesta ordenanza e na restante normativa legal aplicable ou cuxas accións poñan en perigo a seguridade, saúde ou tranquilidade dos usuarios.

3. Existirá unha limitación xeral ó acceso en función do aforo da piscina e das instalacións deportivas.

4. Os menores que non acaden a idade de 12 anos na data correspondente ó inicio de cada temporada de baño, deberán acceder ás piscinas acompañados dunha persoa maior que se responsabilice del durante todo o tempo que permaneza no interior do recinto.

5. A utilización das instalacións deportivas para a realización de actos, eventos ou espectáculos públicos requirirá a autorización expresa do Concello, na que se determinarán as condicións de uso, o tempo de utilización e a fixación do canon que corresponda aboar ó solicitante segundo as súas circunstancias concurrentes.

6. Non estará permitido o acceso con cans ou outros animais, excepto cans de cegos, sempre que vaian debidamente identificados, realicen o seu labor e cumpran as condicións de hixiene e salubridade, conforme dispón a Lei 10/1993, do 8 de outubro, reguladora do acceso ó contorno das persoas con diminución visual acompañadas de cans de cego.

7. Prohíbese introducir bicicletas, motocicletas, vehículos a motor...etc.

8. Prohíbese introducir envases ou recipientes de vidro.

9. Non poderán utiliza-las instalacións aquelas persoas que padezan algún tipo de enfermidade infectocontaxiosa.

10. Prohíbese introducir e inxerir bebidas alcohólicas.

11. Non está permitido fumar dentro do recinto do polideportivo municipal.

12. Non se autoriza o acceso á pista e ós vestiarios de ningunha persoa que non participe na actividade deportiva, cultural ou escolar, aínda que sexa familiar ou amigo dos deportistas. Exceptúanse nesta prohibición ó representante ou familiar dos deportistas ou escolares menores de 16 anos ou con algún tipo de diminución física ou psíquica.

13. O acceso ás instalacións supón a aceptación das normas contidas nesta ordenanza.

Artigo 5º.- Información obrigatoria

En tódalas instalacións municipais figurará, con carácter preceptivo, nun lugar visible, un cartel coa seguinte información:

a) Texto vixente regulador da taxa polo uso das instalacións deportivas municipais.

b) Normas de uso das instalacións deportivas municipais.

Artigo 6º.- Supostos de non suxeición

Non estarán suxeitas a esta ordenanza, no referente ó pagamento das taxas, o uso que o Concello de Amoeiro realice destas instalacións para campañas e xogos deportivos municipais, recuperación e celebración de festas tradicionais, exposicións e actos similares, nos que tal Administración Pública sexa a organizadora ou patrocinadora principal.

Artigo 7º.- Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos, e obrigados ó pagamento da taxa que regula esta ordenanza, os usuarios das instalacións deportivas municipais, entendendo por usuarios as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei xeral tributaria que utilicen, aproveiten ou se beneficien das instalacións deportivas.



Artigo 8º.- Aplicación da taxa

A taxa aplicarase cando se inicie a prestación do servizo das instalacións deportivas. É dicir, unha vez efectuada a entrada nas instalacións municipais.

Non obstante, poderase esixi-lo depósito previo do importe total da taxa no momento de solicita-la prestación do servizo.

Artigo 9º.- Exencións, reducións e demais beneficios legalmente aplicables

Conforme co disposto no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais non se reconece beneficio tributario ningún, salvo os que sexan consecuencia do establecido nos tratados ou acordos internacionais ou veñan previstos con rango de lei.

Quedan exentos os actos organizados por:

- a) Entidades sen fin de lucro, en colaboración co Concello.
- b) A comunidade escolar do colexio Ramón Otero Pedrayo, de Amoeiro.
- c) Equipos deportivos, asociacións de veciños, asociacións xuvenís, mulleres rurais, etc., do Concello.
- d) Escolas deportivas municipais.

Artigo 10º.- Períodos e horario de utilización dos servizos

As instalacións polideportivas municipais permanecerán abertas nos períodos de tempo e nos horarios de uso que se determine pola Alcaldía.

Cando por causas xustificadas sexa necesario o cambio deste horario, sobre todo para realización de partidos de competición ou actos extradeportivos, deberáselle comunicar ó Concello con dous días hábiles de antelación e o alcalde ou o concelleiro de deportes, por delegación, poderán acorda-lo cambio do horario previsto.

Artigo 11º.- Solicitudes

A utilización e goce do pavillón polideportivo e instalacións deportivas municipais require a formulación dunha solicitude dirixida ó alcalde ou ó Concelleiro de deportes, con 2 días hábiles de antelación nas oficinas do Concello de Amoeiro.

A solicitude e uso do pavillón e instalacións deportivas municipais será formulada por persoa maior de idade e deberá ir acompañada da seguinte documentación:

1.- Nome e apelidos do solicitante, así como o n.º do DNI e unha relación das persoas que van utiliza-las instalacións.

2.- Declaración do solicitante na que se manifieste expresamente que queda obrigado a responder dos posibles danos e prexuízos que se puideran ocasionar polo grupo tanto ós bens como ás persoas. Tamén se obriga a procurar que non se consuman bebidas alcohólicas nin calquera substancia nociva para a saúde e a manter limpo o local durante o tempo que o usen.

3.- A solicitude formulada para o uso da instalación por menores irá acompañada dunha declaración da persoa que exerza a patria potestade, na que autorice ó menor ó uso das instalacións con exclusión de esixir responsabilidades ó Concello no caso de que o menor sufra algún accidente derivado da natureza da actividade deportiva ou dalgunha acción negligente que non se contemple nun uso adecuado das instalacións.

Artigo 12º.- Fórmulas de acceso

1.- As distintas fórmulas de pago que existen actualmente para acceder ás instalacións deportivas obxecto desta ordenanza son:

a) Entradas de acceso individual. Expediranse no momento de acceder á instalación e serán válidas exclusivamente para o tempo no que a persoa permaneza no interior do recinto. Deberán gardarse ata que a persoa abandone o recinto. Deberán presentarse ós empregados da instalación sempre que estes o soliciten.

b) Bono. A validez dos bonos estenderase ó período de tempo ou ó número de usuarios para o que fora expedido. O bono deberá gardarse ata que se abandone o recinto. Deberán de presentarse ós empregados da instalación sempre que estes o soliciten.

2.- O acceso mediante as fórmulas descritas dará dereito ó uso e goce daqueles elementos da instalación que non estean suxeitos a un canon específico.

3.- Os usuarios que accedan ás piscinas mediante entradas diarias ou con bonos temporais, poderán saír da instalación para o seu regreso no mesmo día, autorizándose a saída cun selo a súa entrada ou bono.

4.- Tanto o bono nominativo como a entrada son persoais e intransferibles polo que o persoal da instalación poderá esixir a presentación do DNI.

5.- O bono expedido para un número determinado de usos será susceptible de utilización por varias persoas.

Normas de uso das instalacións deportivas

Artigo 13º.- Normas comúns ó uso de tódalas instalacións deportivas municipais:

a) Está prohibido o lanzamento de obxectos de calquera clase á pista.

b) Non está permitido cambia-la distribución de porterías, canastras, postes, redes...etc., do pavillón. Esta tarefa será responsabilidade exclusiva do persoal do concello.

c) Non están permitidas aquelas accións ou actividades que perturben ou molesten a tranquilidade e a comodidade do resto dos usuarios.

d) Non está permitido realizar accións que ocasionen un deterioro da calidade da auga, do recinto da piscina e das instalacións deportivas en xeral.

e) Todo usuario que desexe facer uso de aparatos fotográficos ou de vídeo, deberá solicitalo ó persoal da instalación.

f) Os usuarios deberán atender en todo momento ás indicacións do persoal da instalación.

g) Non se permite comer fóra dos lugares indicados para tal fin. Prohíbese acceder á pista con bebidas, bocadillos ou outros alimentos.

h) Os usuarios axudarán a manter limpas as instalacións, colaborando co persoal da instalación e utilizando as papeleiras situadas nas diversas zonas.

i) Os usuarios respectarán todo o equipamento e mobiliario da instalación.

l) Os usuarios respectarán os espazos dedicados a actividades organizadas.

m) Os usuarios respectarán os horarios de funcionamento das instalacións. Os horarios serán ríxidos para os efectos de non prexudica-las reservas doutros usuarios.

n) Queda terminantemente prohibido utiliza-la pista, en tempo de aluguer, a outras persoas distintas das usuarias, polo dito tempo.

ñ) Deberán ser respectados os horarios que se asignen a persoas no aluguer das pistas.

o) Non está permitido o acceso nin a estancia nas zonas de realización da actividade deportiva con prendas e calzados de rúa. Deberá de vestirse roupa, complementos e calzado adecuados para a realización da actividade deportiva correspondente. O encargado poderá examina-lo calzado utilizado polos usuarios para os efectos de permitir ou non o seu uso, co obxecto dunha mellor conservación da pista ou espazo deportivo.

p) Os usuarios deberán comunicar de forma inmediata ó persoal da instalación calquera deterioro ou anomalía que poña en perigo a integridade das persoas ou o correcto funcionamento das instalacións.



q) Os bens depositados nos vestiarios serán de exclusiva responsabilidade dos seus propietarios polo que o Concello de Amoeiro non responderá deles en caso de furto.

r) Para acceder ás instalacións deberá portar en todo momento o recibo acreditativo de ter aboada a taxa correspondente, de existir esta. O encargado das instalacións poderá solicitar este recibo.

s) Os menores de idade, fóra do horario escolar, deberán estar acompañados ou autorizados polos seus proxenitores ou titores ó uso das instalacións deportivas. En todo caso, e como xa indicamos anteriormente, para proceder ó aluguer das instalacións a menores deberá ser solicitado por un adulto quen asumirá a responsabilidade do uso das instalacións e a integridade física deste usuario.

t) As persoas que aluguen a pista, maquinaria e utensilios para a práctica deportiva responderán directamente do seu deterioro por causas imputables a estes.

u) Non se permite a colocación de publicidade sen o consentimento expreso da Alcaldía.

Artigo 14º.- Normas para o uso das piscinas

a) É obrigatorio segui-las indicacións do socorrista ou do persoal das instalacións.

b) Non se permitirá realizar actividades que molesten ou poñan en perigo ó resto dos usuarios.

c) Non se permitirá tirarse de cabeza ou coller carreira previa nas zonas que así se indique.

d) Non estarán permitidas actividades susceptibles de poñer en risco a saúde do usuario, tales coma actividades acrobáticas ou arriscadas.

e) Non se permitirá introducirse nas piscinas a persoas con aparencia de padecer algunha enfermidade infecciosa ou que presente feridas ou lesións importantes na pel.

f) Só se poderá comer, beber ou fumar nas zonas reservadas para tales fins.

g) É obrigatorio ducharse antes de bañarse.

h) En caso de tormenta os bañistas deberán saír o antes posible da auga.

i) Os usuarios deberán acceder ás piscinas provistos de traxe de baño.

l) Accederase ás instalacións con chancletas de baño para evitar accidentes e posibles contaxios de enfermidades.

m) Non está permitido o uso na piscina de calquera elemento que poida afectar ós usuarios (aletas, colchóns, pelotas...), salvo en actividades programadas cun responsable nas que quede totalmente garantida a seguridade do resto dos usuarios das instalacións.

n) Normas nas zonas verdes:

- Non se poderá acceder co calzado da rúa.
- Recomendarase toma-lo sol, ducharse e entrar na auga de forma moderada.

- Permitiranse inxerir bebidas non alcohólicas, sempre que os envases non sexan de vidro.

ñ) Normas nas zonas destinadas a comida:

- Poderase comer no recinto do bar e nas zonas verdes das piscinas.

- Está permitido comer mantendo limpas as instalacións nos lugares destinados para tal fin, colaborando co persoal encargado das instalacións e empregando as papeleiras situadas nas diversas zonas.

Artigo 15º.- Actividades organizadas

1. As actividades programadas polo servizo municipal de deportes terán prioridade sobre o uso das instalacións.

2. Os usuarios que se atopen inscritos nalgunha actividade programada atenderán os consellos e normas dos profesores ou monitores, respectando en todo momento a normativa vixente.

3. Durante a celebración de actividades, cursos, adestramentos e competicións, as zonas ou instalacións reservadas para este fin non poderán ser empregadas por persoas alleas a estas actividades.

4. Nas piscinas, mentres se estean desenvolvendo actividades programadas destinarase unha zona para uso libre. Con carácter excepcional poderá suprimirse esta zona cando sexa incompatible coas actividades programadas.

5. Os responsables das actividades programadas deberán achegar un seguro en vigor de responsabilidade civil para a realización do propio evento, suficiente a tódolos efectos legais e regulamentarios.

6. O Servizo Municipal de Deportes fomentará a posta en marcha de cursos de iniciación de actividades deportivas que posibiliten un bo aproveitamento das instalacións, como cursos de natación e de tenis.

Artigo 16º.- Reclamacións

Nas oficinas administrativas do Concello de Amoeiro poderá facerse calquera reclamación ou suxestión referida ó uso das instalacións deportivas municipais.

O Concello comprométese a responder as reclamacións debidamente presentadas e rexistradas nestas oficinas.

Artigo 17º.- Cambios e devolucións

No caso de desaxuste de horarios por causas alleas ós usuarios estes poderán optar por:

- Prorroga-la súa hora de comezo da actividade se a seguinte hora non estivese alugada ou reservada.

- Cambiar a outra instalación que estivese libre sempre que o regulamento de uso o permita.

- Solicita-la devolución do importe correspondente coa presentación do recibo, se o servizo non se pode prestar por causas que non lle sexan imputables ó usuario.

- Solicitar un cambio de data e de hora coa presentación do recibo.

Artigo 18º.- Posibilidade de renunciar ó uso dun servizo

O usuario poderá renunciar ó uso das instalacións ou do servizo e terá dereito á devolución do importe establecido ou optará a unha nova reserva sempre que presente o correspondente comprobante de pagamento e se atope nos seguintes casos:

- Cando por problemas ou incidencias alleas ó usuario sexa suspendido o servizo ou a actividade en máis de cinco días hábiles, excepto en datas de vacacións.

- Por causas de avarías nas instalacións.

Artigo 19º.- Licenzas

O importe das licenzas federativas serán por conta do usuario.

Artigo 20º.- Normas de xestión

1. O pagamento das cotas establecidas no anexo desta ordenanza realizaranse dos seguintes xeitos:

- O ingreso dos aboamentos ou cotas mensuais, trimestrais ou anuais realizaranse por réxime de autoliquidación, en aplicación do artigo 27.1 do Real decreto lexislativo 2/ 2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das facendas locais.

- O resto dos servizos poderán xestionarse polo sistema de resguardo ou entradas que se soliciten no despacho de billetes correspondente.

As entradas serán entregadas pola tesourería municipal, debidamente seladas, logo de formaliza-lo correspondente prego de cargo, cuxa liquidación servirá de base para o control e fiscalización por parte do Servizo Municipal de Intervención.



2. A obriga do pagamento do prezo público orixinarase no momento no que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade nas instalacións deportivas municipais.

3. O pagamento das taxas correspondentes ós espectáculos de carácter extradeportivo deberá realizarse na tesourería municipal cunha antelación mínima de 48 horas á súa realización.

Os gastos de persoal de servizo discontinuo (porteiros, vixiantes, electricistas...) serán por conta dos organizadores do acto. Así mesmo, os organizadores correrán cos gastos de limpeza que se deriven da realización dos citados actos.

Normas referidas a clubs ou entidades deportivas

Artigo 21º.- Os clubs deportivos ou aquelas entidades interesadas en reservar, durante a tempada deportiva, o uso das instalacións para os seus adestramentos poderán solicitalo conforme á normativa vixente.

Artigo 22º.- Os clubs ou entidades deportivas ás que se lle conceda o uso das instalacións deportivas municipais non poderán facer uso delas ata que aboan as cotas fixadas.

O pago dos prezos derivados do aluguer deberán aboarse nos prazos fixados pola normativa do tributo. Tódolos equipos teñen a obriga de presentarlle os recibos de pagamento actualizados ó empregado das instalacións municipais que o solicite.

Artigo 23º.- Os clubs ou entidades deportivas non municipais poderán reserva-lo uso das instalacións deportivas para a realización das súas competicións dentro dos horarios da fin de semana, para o que deberán solicitarlas como mínimo a semana anterior. A concesión das reservas realizarase entre o luns e o martes da semana correspondente e o club ou entidade deportiva deberá confirma-la reserva despois de paga-la taxa correspondente, sempre antes do xoves da mesma semana.

Artigo 24º.- A Alcaldía poderá variar ou deixar sen efecto algunha autorización antes do vencemento establecido por algún dos seguintes motivos:

24.1- Por necesidades de programación.

24.2- Por causas de interese público.

24.3- Por incumprimento das obrigas establecidas na autorización.

24.4- Por causa do comportamento pouco cívico ou antideportivo dalgún compoñente da entidade ou club autorizado, sempre que sexa de forma reiterada e evidente.

24.5- Por non ter pagado os prezos polo uso das instalacións.

24.6- Pola baixa asistencia de xogadores nos adestramentos ou na actividade que se estea desenvolvendo.

Artigo 25º.- Tódolos deportistas poderán entrar nas instalacións 30 minutos antes de que comece a súa hora de adestramento e deberán abandonalas 30 minutos despois de finaliza-lo horario de adestramento. Para as competicións poderán entrar nas instalacións 60 minutos antes e deberán abandonalas 30 minutos despois.

O representante do equipo será o responsable das chaves e deberá entregalas onde as recolleu unha vez finalizado o seu uso.

A Alcaldía poderá fixar unha fianza para a entrega das chaves.

Artigo 26º.- Tódolos equipos deberán comunicar con tres días de antelación os días que non vaian facer uso das instalacións concedidas.

Artigo 27º.- Tódolos equipos respectarán escrupulosamente os horarios adxudicados e deberán comeza-los seus adestramentos e partidos puntualmente. Se un partido comezase cun retraso de máis de 15 minutos poderá ser suspendido polo persoal responsable das instalacións municipais.

Artigo 28º.- Ningún equipo ou entidade deportiva poderá cede-los dereitos de utilización dalgunha instalación deportiva municipal a terceiros.

Artigo 29º.- Tódolos xogadores e usuarios deberán facer un uso correcto dos materiais mobles ou inmobles das instalacións e respectar as normas de uso das diferentes zonas.

Será indispensable o uso de prendas deportivas e de calzado adecuado ó deporte que se practique na instalación.

Artigo 30º.- No caso de rotura ou estrago polo mal uso das instalacións serán responsables e abonarán os danos, baixo pena de prohibición do uso das instalacións e outras accións legais :

- A dirección do centro escolar, cando se trate dunha escola.

- O representante do club ou entidade deportiva cando se trate dun uso colectivo.

- A persoa que realizou a acción, en calquera outro caso.

Artigo 31º.- O Concello de Amoeiro non se fará responsable dos accidentes ou lesións que poidan acontecer por actuacións negligentes nin dos roubos que poidan producirse dentro das instalacións.

31.1. O non disposto estará suxeito ó que dispoña a lexislación aplicable.

Normativa interna para a solicitude e concesión das instalacións deportivas municipais do concello a entidades deportivas ou grupos de usuarios para unha tempada deportiva

Artigo 32º.- As entidades deportivas interesadas en reservar durante unha tempada deportiva algunha das instalacións deportivas dependentes do Concello de Amoeiro deberán cubri-la solicitude correspondente e aterse á normativa aquí contemplada.

Artigo 33º.- As instalacións obxecto de petición de reserva poden ser aquelas que estean baixo a dependencia do Concello de Amoeiro (piscinas, pavillón ou campo de fútbol).

Artigo 34º.- Os clubs, entidades deportivas ou grupos de usuarios deberán para efectuar os seus adestramentos ou competicións, solicita-la reserva dunha instalación determinada un ou máis días á semana e unha ou máis horas ó día. Estes datos deberán sinalarse na solicitude.

Artigo 35º.- Tódalas solicitudes recibidas dunha mesma instalación serán estudadas conforme ós seguintes criterios:

35.1. Durante o horario lectivo, e durante o calendario escolar, terá acceso preferente ás instalacións o centro docente público se non dispón das instalacións deportivas adecuadas para impartir ensinanzas de Educación Física, sempre que conte coa autorización pertinente de educación.

35.2. Os criterios de prioridade que aplicará a Alcaldía para asignar a cada entidade os días e horas en función da dispoñibilidade de cada instalación serán os seguintes:

1. As entidades deportivas, ou grupos de usuarios locais que estean federados, traballen co deporte base ou deporte en idade escolar.

1.1- Entre solicitudes de distintas modalidades, analizarase a situación, nivel de categoría, e esixencia da modalidade deportiva que se practique.

1.2- Entre as entidades ou grupos de usuarios da mesma modalidade deportiva atenderase ós seguintes puntos.

a) Terán prioridade aquelas que non teñan instalacións deportivas da súa propiedade.

b) Dentro destes, os que militen en categoría superior terán preferencia sobre os de categoría inferior.

c) Dentro dos de igual categoría, os que leven máis tempo reservando instalacións terán preferencia sobre os que leven menos tempo.

2. As entidades deportivas ou grupos de usuarios locais, non federados.

2.1- Entre solicitudes de distinta modalidades analizarase a situación, nivel de categoría e esixencia da modalidade deportiva que se practique.



2.2- Entre os clubs da mesma modalidade deportiva atende-rase ós seguintes puntos:

a) Terán prioridade aqueles que non teñan instalacións depor-tivas da súa titularidade.

b) Dentro destes, terán preferencia, os que na tempada ante-rior participasen nalgunha das diversas competicións locais e que na presente volvan participar.

c) Dentro das entidades ou grupos de usuarios locais non fede-rados, os que leven máis tempo reservando instalacións terán preferencia sobre os que leven menos tempo.

3. As entidades deportivas ou grupos de usuarios non locais.

3.1- Terán preferencia aqueles que non teñan instalacións deportivas propias.

3.2- Entre estes terán preferencia os que estean federados sobre os que non o estean.

3.3- Dentro dos non federados terán preferencia os que leven máis tempo reservando as instalacións.

4. Dentro dos grupos de usuarios terán prioridade os que maioritariamente estean empadroados no Concello de Amoeiro.

Artigo 36º.- A concesión dunha franxa horaria nunha tempada, en calquera instalación non implica que esa mesma sexa con-cedida ó ano seguinte automaticamente polo feito de face-la solicitude, as concesións serán única e exclusivamente para a tempada concedida.

Artigo 37º.- Formalización do documento de reserva

Os clubs ou entidades deportivas que despois da aplicación dos criterios citados se lles conceda unha instalación deportiva determinada, deberán confirma-lo horario concedido nunha primeira fase provisional. Posteriormente, unha vez estudadas as posibles reclamacións pasarase a unha segunda e definitiva fase, na que a entidade deportiva deberá formalizar un contra-to para a concesión do horario de adestramento. Para estable-cer este contrato será necesario:

- Estar ó corrente das obrigas tributarias co Concello de Amoeiro.

- Pago do prezo correspondente ó concepto de clubs ou enti-dades deportivas abonadas.

- Datos completos da entidade que reserva , así como da per-soa responsable.

- Instalacións, día e horas semanais de reserva.

- Período durante o que a reserva estará vixente.

- Características do importe da instalación reservada, que deberá satisfacer conforme á normativa vixente.

- Firma do responsable do club.

- Xunto a este documento incluíranse as condicións ás que deberá suxeitarse o club que reserva a instalación.

No non disposto, estará suxeito ó que dispoña a Alcaldía do Concello de Amoeiro.

Artigo 38º.- Os alumnos de colexio público en tempo e hora-rio escolar só poderán recibir ensinanzas físico-deportivas se as imparte algún profesional docente.

Neste caso ocuparán as zonas asignadas de acordo coa plani-ficación entregada ó responsable da instalación.

Artigo 39º.- O profesorado que imparta as clases será o encar-gado, ademais da docencia, do control dos alumnos durante a súa permanencia nas instalacións e será o responsable dos seus comportamentos.

Artigo 40º.- Será obrigatorio o uso por parte do profesorado e do alumnado asistente do calzado e da vestimenta deportiva ade-cuada, que poderá traer posta ó chegar ás instalacións, excepto o calzado que nunca será o mesmo que o empregado na rúa.

Artigo 41º.- O material das instalacións que poida ser empre-gado polos alumnos e profesores será o determinado polo res-

ponsable da instalación e recollerao e colocarao o responsable do grupo. O centro escolar será o responsable da súa perda ou deterioro.

Artigo 42º.- Infraccións e sancións

Estaremos ó disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei tribu-taria, ademais tamén constituirá infracción:

- A utilización das instalacións deportivas municipais para fins distintos ós autorizados.

- A alteración da orde no interior das instalacións.

- Ocasionar danos ou deterioro nas instalacións.

- Incumprir as normas de uso ou as instrucións indicadas polos encargados das instalacións.

- Incumplir calquera das obrigas contraídas ó asinar un con-trato ou obter unha autorización.

As infraccións serán graduadas segundo a clasificación conti-da na Lei 7/1985 na redacción dada pola Lei 57/2003, depen-dendo da negligencia ou intencionalidade do infractor e da gra-vidade da infracción cometida.

As infraccións levarán aparelladas multas en contías cuxo límite fixa o artigo 141 da mencionada lei.

No caso de ocasionar danos ou deterioro nas instalacións o res-ponsable estará obrigado a reintegra-lo custo total da reparación ou reconstrución, ademais da multa correspondente, así como a imposibilidade de utilizar calquera instalación deportiva munici-pal durante un ano dende que se cometera a infracción.

No caso de que os danos fosen irreparables a indemnización con-sistirá nunha suma de diñeiro igual ó valor dos bens destruídos.

Artigo 43º.- A dirección do colexio público informará ó Concello con dous días de antelación para a realización de cal-quera evento deportivo de carácter competitivo, lúdico ou fes-tivo no pavillón municipal. Así mesmo, informará da distribu-ción de porterías, canastras, postes, redes...etc que necesite para o evento.

Artigo 44º.- As porterías do pavillón municipal deberán estar fixadas ó chan ou cunhas cadeas amarradas á parede para impedir que poidan envorcar (este será o sistema preferente).

Artigo 45º.- Non estará permitido o uso de porterías, a maio-res das dúas das que consta a pista, a non ser porterías de material adaptado cun peso mínimo que non poña en perigo a integridade física dos usuarios.

Artigo 46º.- As canastras de minibasket deberán contar obri-gatoriamente para o seu uso con algún contrapeso adaptado, non se permitirán solucións momentáneas como bloques, pedras ou calquera elemento non adaptado para ese fin.

Artigo 47º.- Está prohibido colgarse dos aros nas canastras de minibasket sexa unha acción deportiva ou non, tendo que constar no pavillón letreiros visibles que informen ós usuarios facendo consta-lo perigo para a súa integridade física.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos de piscina e instalacións deportivas aprobada en 1998.

Disposición final

Esta ordenanza fiscal, unha vez aprobada polo pleno munici-pal, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá en vigor ata a súa modifi-cación ou derogación expresa.

Amoeiro, 28 de maio de 2009. O alcalde.

Anexo

Grupo I:

I.1- Particulares interesados no uso deportivo das instala-cións.

I.2- Entidades deportivas federadas.

I.3- Equipos ou grupos deportivos non federados.



Grupo II:

II.1- Actos organizados por entidades sen fin de lucro en colaboración co Concello.

II.2- Actos organizados pola comunidade escolar do colexio Ramón Otero Pedrayo de Amoeiro.

II.3- Actos organizados por equipos deportivos, asociacións de veciños, asociacións xuvenís, mulleres rurais, etc. municipais.

II.4- Escolas deportivas municipais.

Grupo III:

Actividades artísticas e culturais, actos, eventos, exposicións, feiras, certames ou similares ou espectáculos públicos realizados por empresas privadas.

Grupo IV:

IV.1- Publicidade nas instalacións interiores do pavillón municipal e complexo cívico - deportivo de Costademonte.

Grupo V:

Actividades deportivas ou extradeportivas realizadas polo Concello de Amoeiro:

Neste caso a taxa será determinada tendo en conta o custo total da actividade e dividíndoo entre o número de entradas que se poñan á venda.

A Xunta de Goberno Local será a encargada de establecer estas taxas, adoptando acordo motivado no que conste, sempre de conformidade co sinalado nesta ordenanza:

- A actividade que motive o seu establecemento.
- Custo total da actividade.
- Importe da taxa.

Quedan excluídos os mitins ou actos de campaña electoral durante o período de duración oficial de cada campaña electoral.

Grupo; Prezo por hora; Bono trimestral; Bono semestral; Bono anual

I; 10 €; 100 €/1 hora semanal; 175 €/1 hora semanal; 275 €/1 hora semanal

II; 0 €

III; 100 € / hora ou fracción + gastos

IV; 200 €/ metro cadrado ou fracción ó ano

Nos casos de eventos, feiras, exposicións ou similares non periódicos que se realicen por empresas privadas; 20 € por m² e día.

V; Sen custe

As cantidades indicadas anteriormente serán actualizadas anualmente segundo o IPC.

2 - Complexo cívico - deportivo de Costademonte:

2.1 Piscinas:

2.1.1 - Nenos menores de 12 anos; 1 €

2.1.2 - De 12 a 65 anos; 1,50 €

2.1.3 - Maiores de 65 anos: exentos de pago.

2.1.4 - Abono infantil de tempada; 15 €

2.1.5 - Abono adultos tempada; 20 €

2.1.6 - Abono familia tempada; 35 €

2.2 Pista polideportiva:

2.2.1 - Por hora ou fracción; 3 €

2.3 Zona recreativa:

2.3.1 - Por hora ou fracción; 10 €

Campo municipal de fútbol "A Penafita"

* Actividades deportivas de equipos municipais; 0 €.

* Actividades deportivas de equipos non municipais; 50 €/hora.

* Actividades extradeportivas non organizadas polo Concello de Amoeiro; 100 €/hora, ou fracción + gastos.

* Actividades deportivas ou extradeportivas organizadas polo Concello de Amoeiro:

Neste caso a taxa determinarase tendo en conta o gasto total da actividade e dividíndose entre o número de entradas que se poñan á venda.

A Xunta de Goberno Local será a en cargada de establecer estas taxas, adoptando acordo motivado no que conste, sempre de conformidade co sinalado nesta ordenanza:

* A actividade que motive o seu establecemento.

* Custo total da actividade.

* Importe da taxa.

Amoeiro, 28 de maio de 2009. O alcalde.

Edicto

Una vez finalizado el plazo para la presentación de reclamaciones contra el acuerdo adoptado por el Ayuntamiento Pleno en la sesión celebrada el día 28 de mayo de 2009 y publicado en el Boletín Oficial de la Provincia n.º 136 con fecha 16 de junio de 2009 relativo a la aprobación de la ordenanza reguladora de la tasa por la utilización de instalaciones deportivas municipales sin formularse reclamaciones, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 17.3 del Real decreto legislativo 2/2004, del 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley reguladora de las haciendas locales, queda definitivamente aprobada y se procede a la publicación íntegra de su texto de conformidad con lo previsto en el artículo 17.4 del citado Real decreto legislativo.

El acuerdo del Ayuntamiento Pleno adoptado en la sesión del día 28 de mayo de 2009, dice en su parte dispositiva:

El alcalde somete a votación la Ordenanza fiscal reguladora de la tasa por la utilización de instalaciones deportivas municipales con la modificación introducida en el texto inicial, adoptándose los siguientes acuerdos por unanimidad:

Primero.- Derogar la Ordenanza fiscal reguladora de la tasa por la prestación de los servicios de piscina e instalaciones deportivas aprobado por el Pleno en la sesión celebrada el día 29 de octubre de 1998.

Segundo.- Aprobar la Ordenanza fiscal reguladora de la tasa por la utilización de instalaciones deportivas municipales.

Tercero.- Que de conformidad con el artículo 17 del Real decreto legislativo 2/2004, del 5 de marzo, se exponga al público por el plazo de treinta días, para que durante este plazo los interesados puedan examinar el expediente y presentar las reclamaciones y sugerencias que estimen oportunas. Debiéndose publicar anuncios en el Boletín Oficial de la Provincia y en el tablón de anuncios de este Ayuntamiento.

Cuarto.- Que en el supuesto de que no se presentaran reclamaciones o sugerencias contra el texto, se considerará definitivamente aprobado el acuerdo de imposición y ordenación de la citada tasa, debiendo cumplirse el trámite de la publicación del texto íntegro de la ordenanza en el Boletín Oficial de la Provincia de conformidad con lo dispuesto en el artículo 17.3 y 4 del Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Quinto.- La referida ordenanza entrará en vigor una vez publicada en el BOP y transcurrido el plazo al que se refiere el artículo 70.2 en relación con el 65.2 de la Ley 7/1985, modificada por la Ley 57/2003, del 16 de diciembre, de medidas para la modernización del Gobierno Local.

Amoeiro, 17 de agosto de 2009.

Ordenanza reguladora de la tasa por la utilización de instalaciones deportivas municipales

Artículo 1º.- Fundamento y naturaleza

Al amparo de las facultades que conceden los artículos 133.2 y 142 de la Constitución española y los artículos 4 y 106 de la Ley 7/ 1985 de 2 de abril, reguladora de las bases de régimen local, sobre potestad normativa en materia de tributos locales y de conformidad, asimismo, con lo dispuesto en los artículos



15 al 19, de la Ley reguladora de las haciendas locales (texto refundido aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 del 5 de marzo), este Ayuntamiento se dota de la presente ordenanza municipal, con el fin de regular eficaz y eficientemente la utilización de las instalaciones deportivas municipales.

Artículo 2º.- Hecho imponible

Constituye el hecho imponible de este tributo:

- a) El uso de las piscinas municipales.
- b) El uso del campo de fútbol Penafita de Amoeiro.
- c) El uso del polideportivo del Ayuntamiento.

Así como la prestación de los servicios de los que están dotadas las instalaciones citadas.

Está excluido del hecho imponible, conforme al artículo 21 de la Ley 39/1988 del 28 de diciembre, reguladora de las haciendas locales la utilización de las citadas instalaciones para uso escolar, dentro de los niveles de enseñanza obligatoria, y especialmente por el colegio público de Amoeiro.

Artículo 3º.- Funcionamiento y reglamento de la escuela deportiva de fútbol.

a) La escuela deportiva de fútbol del ayuntamiento de Amoeiro estará destinada para niños y niñas desde los 4 hasta los 14 años.

b) La periodicidad anual de la escuela abarca desde octubre hasta junio excluyendo los períodos vacacionales de Navidades y Semana Santa.

c) La inscripción en la escuela se formalizará en el boletín de esta en el que constan los datos personales del alumno, el permiso del padre/madre/tutor/a con la firma de este/a.

d) Los alumnos deberán contar con una equipación deportiva compuesta de chaqueta y pantalón de chándal más una camiseta, pantalón corto y medias según el diseño que establezca el Ayuntamiento. No se admitirán a los alumnos que no cuenten con dicho equipo o sea diferente del establecido por el Ayuntamiento.

e) Los entrenamientos se llevarán a cabo en el pabellón polideportivo municipal del ayuntamiento, pudiéndose utilizar, si así se requiriese el campo municipal de la Penafita y la pista polideportiva municipal del complejo Costa de Monte.

f) Los días y horarios de los entrenamientos serán los viernes, de seis a siete de la tarde para los niños/las de 4 a 9 años y de siete a ocho de la tarde para los de 10 a 14. También se podrán hacer entrenamientos, cuando así se acuerde, otro día que se convenga con los mismos grupos y los mismos horarios. (Los días y horarios podrán estar sujetos a cambios si así se acordara).

g) Se fomentará la participación en torneos con otras escuelas o entidades deportivas, así como jornadas de competición en fechas señaladas (magosto, Navidad, Semana Santa, fin de colegio...etc.)

Artículo 4º.- Acceso

1. Las instalaciones deportivas municipales son de acceso libre para todos los ciudadanos, sin ninguna otra limitación que el pago de la tasa correspondiente para su uso, de acuerdo con las tarifas establecidas en el anexo en esta ordenanza.

2. No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, los responsables y el personal del servicio de las instalaciones, tendrán la facultad de, como medida cautelar, negar el acceso o expulsar a aquellas personas que incumplan de forma reiterada alguna de las normas contenidas en esta ordenanza y en la restante normativa legal aplicable, o cuyas acciones pongan en peligro la seguridad, salud o tranquilidad de los usuarios.

3. Existirá una limitación general al acceso en función del aforo de la piscina y de las instalaciones deportivas.

4. Los menores que no alcancen la edad de 12 años en el correspondiente al inicio de cada temporada de baño para

acceder a las piscinas deberán ir acompañados de una persona mayor que se responsabilice de él durante todo el tiempo que permanezca en el interior del recinto.

5. La utilización de las instalaciones deportivas para la realización de actos, eventos o espectáculos públicos requerirá la autorización expresa del Ayuntamiento, en la que se determinarán las condiciones de uso, el tiempo de utilización y la fijación del canon que corresponda abonar por el solicitante según sus circunstancias concurrentes.

6. No estará permitido el acceso con perros u otros animales, excepto perros lazarillo, siempre que vayan debidamente identificados, realicen su labor y cumplan las condiciones de higiene y salubridad, conforme dispone la Ley 10/1993, del 8 de octubre, reguladora del acceso al entorno de las personas con disminución visual acompañadas de perros lazarillos.

7. Se prohíbe introducir bicicletas, motocicletas, vehículos a motor...etc.

8. Se prohíbe introducir envases o recipientes de vidrio.

9. No podrán utilizar las instalaciones aquellas personas que padezcan algún tipo de enfermedad infecto-contagiosa.

10. Se prohíbe introducir e ingerir bebidas alcohólicas.

11. No está permitido fumar dentro del recinto del polideportivo municipal.

12. No se autoriza el acceso a la pista y a los vestuarios de cualquier persona no participante en la actividad deportiva, cultural o escolar, aunque sea familiar o amigo de los deportistas. Se exceptúan en esta prohibición al representante o familiar de los deportistas o escolares menores de 16 años o con algún tipo de disminución física o psíquica.

13. El acceso a las instalaciones supone la aceptación de las normas contenidas en esta ordenanza.

Artículo 5º.- Información obligatoria

En todas las instalaciones municipales figurará con carácter preceptivo en un lugar visible un cartel con la siguiente información:

a) Texto vigente regulador de la tasa por el uso de las instalaciones deportivas municipales.

b) Normas de uso de las instalaciones deportivas municipales.

Artículo 6º.- Supuestos de no sujeción

No estarán sujetas a esta ordenanza, en lo referente al pago de las tasas, las utilidades realizadas por el Ayuntamiento de Amoeiro cuando se empleen estas instalaciones para campañas y juegos deportivos municipales, recuperación y celebración de fiestas tradicionales, exposiciones y actos similares, en los que tal Administración Pública sea la organizadora o patrocinadora principal.

Artículo 7º.- Sujetos pasivos

Son sujetos pasivos, y obligados al pago de la tasa que regula esta ordenanza los usuarios de las instalaciones deportivas municipales, entendiéndose por usuarios a las personas físicas y jurídicas y las entidades a las que se refiere el artículo 35 de la Ley general tributaria que utilicen, aprovechen o se beneficien de las instalaciones deportivas.

Artículo 8º.- Aplicación de la tasa

La tasa se aplicará cuando se inicie la prestación del servicio de las instalaciones deportivas, es decir una vez efectuada la entrada en las instalaciones municipales.

No obstante se podrá exigir el depósito previo del importe total de la tasa en el momento de solicitar la prestación del servicio.

Art. 9º.- Exenciones, reducciones y demás beneficios legalmente aplicables

De conformidad con lo dispuesto en el artículo 9 del texto refundido de la Ley reguladora de las haciendas locales no se



reconoce beneficio tributario alguno, salvo los que sean consecuencia de lo establecido en los tratados o acuerdos internacionales o vengán previstos con rango de ley.

Quedan exentos los actos organizados por:

- a) Entidades sin ánimo de lucro en colaboración con el Ayuntamiento.
- b) La comunidad escolar del colegio Ramón Otero Pedrayo de Amoeiro.
- c) Equipos deportivos, asociaciones de vecinos, asociaciones juveniles, mujeres rurales, etc. del Ayuntamiento.
- d) Escuelas deportivas municipales.

Artículo 10º.- Períodos y horario de utilización de los servicios

Las instalaciones polideportivas municipales permanecerán abiertas en los períodos de tiempo y en los horarios de uso que se determine por la Alcaldía.

Cuando por causas justificadas sea necesario el cambio de este horario, sobre todo para la celebración de partidos de competición o actos extradeportivos, se deberá comunicar al Ayuntamiento con dos días hábiles de antelación y el alcalde o el concejal de deportes, por delegación, podrán acordar el cambio del horario previsto.

Artículo 11º.- Solicitudes

La utilización y disfrute del pabellón polideportivo e instalaciones deportivas municipales requiere la formulación de una solicitud dirigida al alcalde o al concejal de deportes, con 2 días hábiles de antelación en las oficinas del Ayuntamiento de Amoeiro.

La solicitud y uso del pabellón e instalaciones deportivas municipales será formulada por persona mayor de edad y deberá ir acompañada de la siguiente documentación:

- 1.- Nombre y apellidos del solicitante, así como el n.º del DNI y una relación de las personas que van a utilizar las instalaciones.
- 2.- Declaración del solicitante en la que se manifieste expresamente que queda obligado a responder de los posibles daños y perjuicios que se pudieran ocasionar por el grupo tanto a los bienes como a las personas. También se obliga a procurar que no se consuman bebidas alcohólicas ni cualquier sustancia nociva para la salud y a mantener limpio el local durante el tiempo que lo usen.

3.- La solicitud formulada para el uso de la instalación por menores irá acompañada de una declaración de la persona que ejerza la patria potestad, en la que se autorice al menor al uso de las instalaciones con exclusión de exigir responsabilidades al Ayuntamiento en caso de que el menor sufra algún accidente derivado de la naturaleza de la actividad deportiva o de alguna acción negligente que no se contemple en un uso adecuado de las instalaciones.

Art. 12º.- Fórmulas de acceso

1.- Las distintas fórmulas de pago que existen actualmente para acceder a las instalaciones deportivas objeto de esta ordenanza son:

a) Entradas de acceso individual. Se expedirán en el momento de acceder a la instalación y serán válidas exclusivamente para el tiempo en el que la persona permanezca en el interior del recinto. Deberán guardarse hasta que la persona abandone el recinto. Deberán presentarse a los empleados de la instalación siempre que éstos lo soliciten.

b) Bono. La validez de los bonos se extenderá al período de tiempo o al número de usuarios para el cual había sido expedido. El bono deberá guardarse hasta que se abandone el recinto. Deberán presentarse a los empleados de la instalación siempre que éstos lo soliciten.

2.- El acceso mediante las fórmulas descritas dará derecho al uso y disfrute de aquellos elementos de la instalación que no estén sujetos a un canon específico.

3.- Los usuarios que accedan a las piscinas mediante entradas diarias o con bonos temporales, podrán salir de la instalación para su regreso en el mismo día, autorizándose la salida sellando su entrada o bono.

